



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 11 DE NOVEMBRO DE 2019

LICENZAS

FAVORABLES

LAP/385/2019.- ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DO TAMBRE.- Conceder licenza para obras de instalación de terraza exterior no edificio de usos múltiples do Polígono do Tambre sito na Vía Edison, 1.

LIC/1128/2019.- FINANCIERA MADERERA, S. A. (FINSA)- Conceder licenza de obras para construción de nave para implantación de astilladora na rúa de Murcia, 2.

2.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á concesión de licenza para obras de instalación de terraza exterior no edificio de usos múltiples do Polígono do Tambre sito na Vía Edison, 1. LAP/385/2019. Concédese a licenza.

3.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á concesión de licenza de obras para construción de nave para implantación de astilladora na rúa de Murcia, 2. LIC/1128/2019. Concédese a licenza.

5.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á aprobación do proxecto de acondicionamento exterior do xacemento do castelo da Rocha Forte. Apróbase o proxecto, fixando un orzamento máximo de licitación de 292.168 euros (IVE incluído) e un prazo de execución de tres meses.

6.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á aprobación do proxecto de acondicionamento interior do xacemento do castelo da Rocha Forte. Apróbase o proxecto, fixando un orzamento máximo de licitación de 89.166,53 euros (IVE incluído) e un prazo de execución de dous meses.

7 a 55.- Propostas da concelleira delegada de Economía e Facenda relativas a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica e no imposto sobre bens inmobles, e a exencións na taxa polo saneamento e depuración de augas residuais, subministración de auga e conservación de contadores e pola prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Concédense os devanditos beneficios e exencións fiscais.

56.- Propostas da concelleira delegada de Facenda relativas á denegación de diversas solicitudes de bonificacións no imposto sobre bens inmobles.

Denéganse varias propostas.

57.- Recoñecementos extraxudiciais de créditos. Apróbase a proposta.

58.- Convalidación de gastos correspondentes a contratos menores por razón da contía. Convalídanse dúas facturas.

59.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural relativa ao inicio de expediente por incumprimento de contrato por obras de mellora de equipamentos deportivos e sociais na parroquia de Figueiras. Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2018"; dando audiencia ao contratista. Acórdase iniciar o devandito expediente, dando audiencia ao contratista por un prazo de 15 días hábiles, con

carácter previo á imposición, no seu caso, das penalidades que procedan pola demora acumulada na execución dos traballos.

60.- Proposta da Alcaldía relativa a aceptación da subvención da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Coruña, para a realización do proxecto de Obradoiro de Emprego "CREAS II". Acéptase a devandita subvención, por importe de 336.446 euros.

61.- Proposta da Alcaldía relativa a dar conta da sinatura do convenio de colaboración coa Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) para levar a cabo un proxecto de actividades para persoas con discapacidade na anualidade 2019. Dáse conta da sinatura do devandito convenio, por importe de 15.000 euros.

62.- Proposta do concelleiro delegado de Obras relativa á aprobación do proxecto de aplicación de medidas correctoras para o estadio municipal de San Lázaro, segundo o estudo integral de patoloxías . (Fase III). Apróbase o devandito proxecto técnico, fixando un orzamento máximo de licitación de 899.188,75 euros (IVE incluído) e un prazo de execución de catro meses.

63.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación do expediente do "Servizo para a execución do programa piloto para a implantación dun servizo de atención á infancia para a conciliación da vida laboral, familiar e persoal na Ludoteca das Fontiñas, no espazo educativo e de lecer MARÍA MIRAMONTES"; gasto e apertura do procedemento de adxudicación. Apróbase o expediente e iníciase o procedemento de adxudicación, cun tipo de licitación de 131.235,51 euros + IVE.

64.- Dar conta pola concelleira delegada de Educación da sinatura do convenio para o financiamento do Bacharelato Internacional do IES Rosalía de Castro, ano 2019. Dáse conta do devandito convenio, por importe de 6.208 euros.

URXENCIAS

1.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Lingüísticas relativa á organización da Festa do Apego 2019. Apróbase a realización da devandita Festa o 28 de decembro e o seu programa, cun orzamento total estimado total de 30.245 euros.

2.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa ao programa municipal de conciliación de Nadal. Apróbase a memoria do programa, que se desenvolverá os días 23, 24, 26, 27, 30 e 31 de decembro de 2019 e 2, 3 e 7 de xaneiro de 2020 no CEIP Monte dos Postes e no CEIP Ramón Cabanillas, así coma os prezos públicos do programa.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade relativa á adxudicación do contrato de iluminación de Nadal 2019. Adxudícase o contrato á empresa Iluminaciones Santiaguesas, SL, por un importe de 215.985 euros (IVE incluído).

4.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural relativa á aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación da construción dunha senda peonil na rúa de San Martiño (1ª fase). Apróbase o expediente e iníciase o procedemento de adxudicación, cun tipo de licitación de 406.609,27 euros.